

POLVO SERÁN

Carlos Marqués-Marcet, 2024

1407

ESTREA EN NUMAX: 22.11.2024 | V.O. | +16 | 106 min

Tras ser diagnosticada cunha doenza terminal, Claudia decide emprender a súa última viaxe a Suíza. Alí poderá decidir como e cando terminar a súa vida grazas á axuda dunha asociación de suicidio asistido. Flavio, que non se separou dela en máis de corenta anos, decide unirse a esta viaxe sen retorno. Violeta, mentres tanto, convértese en mediadora involuntaria entre seus pais e todo o que deixan atrás, ao tempo que tenta encontrar o seu lugar nesta historia.

«Un drama admirablemente pouco sentimental e envolvente sobre o final da vida, impulsado polas interpretacións de Ángela Molina e Alfredo Castro»

Jonathan Holland, SCREENDAILY



Entrevista con Carlos Marqués-Marcet: «A morte pon todo no seu lugar e fulmina o teu ego»

Por Alfonso Rivera

É esta a túa película máis ambiciosa ao tratarse dun musical? Todas teñen os seus retos diferentes, que apetece afrontar. Por exemplo, *Els dies que vindran* (2019), unha longametraxe sobre un embarazo real que non sabías por onde ía ir. Son angustias distintas, porque *Polvo serán* foi a miña película máis preparada, ao milímetro, pola súa complexidade. Tiven que filmar en seis días cinco números musicais, algo que nunca fixera. Tamén o feito de traballar en televisión ensinóme a afrontar situacións complicadas.

Ángela Molina di que o teu entusiasmo incombustible a animou a aceptar sen dúbida o seu papel. Penso moito na morte e iso faime moi feliz. Reláxame, mesmo cando penso na valoración da película. O meu soño é que dentro de 20 anos a xente queira seguir vendo este filme. E que, igual que a min me teñen fascinado películas doutros cineastas, á xente nova poida sucederlle o mesmo co meu. A morte pon todo no seu lugar e fulmina o teu ego: hai que estar no aquí e agora, gozar do proceso e que a xente vexa a fita, abra debates e faga pensar. Como non ser entusiasta cando teño a sorte de facer películas! Síntome tan afortunado, aínda que non me faga rico. Son un cineasta artesán, cun oficio.

François Ozon abordaba en *Todo foi ben* (2021) a viaxe final dun pai a Suíza. Poucos filmes se enfrontan a este asunto. Coñeces algún caso próximo? É bastante complicado chegar ata Suíza, pois hai que pasar por entrevistas. Non se trata dunha lei de eutanasia. Alí axúdanche a suicidarte se demostrar ter unha dor crónica insuperable. Nunca pensei en rodar unha película sobre a morte asistida, pero si sobre a idea de tomar unha decisión, algo bastante rico dramática, moral, ética e socialmente. Por que a xente necesita facer iso? A historia parte duns amigos que querían morrer en Suíza e a partir de aí fixen un taller de creación.

Hai lei de eutanasia en España, pero algunhas persoas van morrer dignamente en Suíza. A lei en España é restritiva. É un primeiro paso, pero é insuficiente. Trátase dun debate para seguir tendo.

Tamén moita xente evita falar da morte, é tema tabú. As persoas en tempos do romanticismo cando sabían que estaba próxima a súa morte, reunían aos seus achegados e despedíanse, eran donos da súa propia morte. Logo chegou o capitalismo e arrebatounos ese momento, aínda que algo está a cambiar. A miña película é vitalista non por querer suavizar a morte, senón porque ten humor e un punto absurdo: hai que entender o estraño que é deixar de estar aquí e como isto cambia os lazos entre a familia, os afectos e o amor.

A túa película é unha gran historia de amor, unha anticomedia romántica. Máis ben unha traxicomedia romántica. Os cineastas que non me gustan non teñen sentido do humor, mesmo Bergman teno. Tamén na idea do amor caben tantas cousas... Cal é o límite entre o amor e a dependencia? Todo isto hai que revisalo e reivindicalo. A miña película fai esa pregunta; eu non teño a resposta.